



CEIP. PLURILINGUE JULIO GURRIARÁN

**NORMAS DE CONVIVENCIA E
ORGANIZACIÓN**

PROTOCOLO COVID

CURSO 2020/21



CEIP. PLURILINGUE JULIO GURRIARÁN
NORMAS DE CONVIVENCIA E ORGANIZACIÓN
CURSO 2020/21

Benvidos/as ao Curso 2020/21!

A continuación presentamos as Normas de Convivencia e Organización escolar para adaptarnos ao Protocolo COVID e facer que o retorno ás aulas sexa o máis seguro posible.

Moitas grazas a todos/as por respectar as normas e pola vosa colaboración!

CEIP Julio Gurriarán



Os alumnos/as deberán empregar sempre mascarilla para entrar e saír do Colexio todos os días. (Os alumnos de Ed. Primaria a levarán sempre. Os alumnos/as de Ed. Infantil soamente durante as entradas, saídas e recreos.

Teñen que traer una mascarilla de reposto gardada na mochila que se empregará no caso de rotura, perda ou deterioro da mascarilla que teñan.

Tamén traerán na mochila un bote pequeno de Xel hidroalcohólico (Alumnos/as de Primaria).

Deberán respectar en todo momento a distancia de seguridade e as indicacións do persoal do Colexio.



No Protocolo da Xunta de Galicia indica que as familias son as que deben tomar a temperatura aos nenos/as antes de vir ao Colexio.

Asimesmo no poden acudir ao Centro se presentan algún síntoma compatible co COVID (tos seca, dificultade respiratoria, dor muscular...) tal e como queda recollido no Anexo do Protocolo da Xunta actualizado a data 31/08/2020.

No caso de que no Centro se detecten alumnos/as con temperatura alta ou algún dos síntomas anteriores serán illados nunha aula especificamente designada para este cometido e serán avisadas as familias para que pasen a recollelo o antes posible.



NORMAS XERAIS DE CUMPRIMENTO POR TODOS OS USUARIOS DO COLEXIO (MESTRES, ALUMNOS, PAIS, VISITANTES...)

Para acceder ao Colexio será necesario:

SEMPRE a MASCARILLA.

Facer uso dos dispensadores de XEL HIDROALCOHÓLICO dispostos no recinto. (portas de acceso e interior).

Será preciso facer uso das alfombras desinfectantes colocadas nas entradas do Colexio. (non frotar).

Gardar a DISTANCIA DE SEGURIDADE.

A ATENCIÓN A PAIS E NAIS POR PARTE DO EQUIPO DIRECTIVO se fará principalmente a través de e-mail, teléfono e, se fose necesario se atenderá presencialmente **SEMPRE CON CITA PREVIA** solicitada telefónicamente con antelación ou a requerimento do Equipo Directivo OU TITOR/A.

Para a entrega de documentación ou papeleo a Atención a pais/nais/familias por parte do Equipo Directivo será no horario de 10:15 a 11:15h.

Por norma xeral ninguna persoa allea ao Colexio poderá acceder ás instalacións sen ter concertada CITA PREVIA.

As reunión de pais/nais e Titorías serán como sempre o MARTES DE 17: a 18:00h. Con cita previa solicitada como sempre e tamén preferencia de atención telefónica ou mail / videoconferencia e, no caso presencial respectando as normas de seguridade.



ENTRADAS E SAÍDAS

No comezo deste curso non se farán filas de entrada e saída dos alumnos/as.

EN ED. INFANTIL os nenos/as accederán ás súas aulas na medida que vaian chegando sen agardar no patio nin nas zonas de filas habituais.

EN ED. PRIMARIA os alumnos/as farán as filas correspondentes nas zonas delimitadas e colocándose nos lugares marcados e respectando a distancia de seguridade. En canto se cumpra o tempo de entrada (5 min) os alumnos subirán á clase correspondente en orde e gardando a distancia acompañados da dun especialista. Os titores/as agardarán nas aulas a chegada dos alumnos/as

Durante as entradas e saídas os alumnos, mestres e pais deberán empregar mascarilla e gardar a debida distancia de seguridade.

Cada un dos mestres/as ESPECIALISTAS serán os encargados de recibir e conducir as filas correspondentes ao interior do Colexio e, polo camiño delimitado, acompañalos ata a súa aula.

Os alumnos/as de Ed. Primaria farán as súas ENTRADAS E SAÍDAS pola porta dobre principal da fachada do Colexio. (1)

Empregarán SEMPRE as mesmas escaleiras (dereita) para subir e baixar (entrada, saída, recreos, Ed. Física...etc).

Os alumnos/as de Ed. Infantil farán as súas ENTRADAS E SAÍDAS pola porta dobre situada á esquerda da fachada do Colexio. (2)

Empregarán SEMPRE as mesmas escaleiras (esquerda) para subir e baixar (entrada, saída, recreos, Psicomotricidade...etc).



É imprescindible evitar as aglomeracións de pais/nais nos exteriores próximos ao Colexio, polo que será necesario axilizar o máis posible a entrada e saída dos alumnos ao longo dos 5 minutos estipulados para cada quenda.

Os nenos/as que non cheguen á súa hora deberán agardar fóra do recinto Escolar ata que entren todos os cursos e, a continuación accederán ao Colexio separados por clase e ordenadamente baixo o control e acompañamento dun mestre/a correspondente.

Unha vez que o neno/a entre ao recinto **NON SE PERMITE PERMANECER NA ZONA DA VERXA DO COLEXIO**, e pregamos abandonen as inmediacións do Centro.

PARA AS SAÍDAS:

EN ED. PRIMARIA os alumnos/as sairán á hora acordada (puntualidade máxima) e se colocarán nos lugares correspondentes.

Irán saíndo con permiso da súa titora ou mestre especialista que corresponda

EN ED. INFANTIL:

A saída se realizará por turnos nas quendas de 5 minutos acordadas. (puntualidade).



INTERIOR E PASILLOS

Os pasillos interiores do Colexio estarán delimitados á metade cun sentido en cada lado que debemos respectar para circular por eles.

Os alumnos/as de Ed. Infantil farán SEMPRE uso das escaleiras da parte esquerda do Colexio (Subidas e baixadas).

Os alumnos/as de Ed. Primaria empregarán SEMPRE as escaleiras da parte dereita do Colexio (Subidas e baixadas).

NUNCA SE DEBEN CRUZAR DÚAS CLASES. Se imos saír, será necesario que o mestre/a correspondente observe se está libre o corredor ou as escaleiras antes de saír.



BAÑOS (INTERIOR/EXTERIOR)

Os Servicios do Interior do Colexio estarán rotulados co nome do curso que poderá acceder a eles (un por curso aprox.)

Só poderá acceder a cada baño UN ALUMNO/A POR TURNO.

Se colocarán na entrada de cada zona de servicios varias marcas para que os alumnos/as agarden o seu turno no caso de xuntarse varios/as.

Os alumnos empregarán soamente o Servicio que lles corresponda.

Os Lavabos de Profes serán soamente os situados na planta baixa do Colexio:

1 Masculino (Corredor de entrada).

2 Femininos (1 Hall de Entrada e 2 Baño adaptado).



RECREOS

O horario de Recreo será o habitual 11:15-11:30h. e 13:15-13:30h.

(En Ed. Infantil se adaptará este horario ás necesidades das quendas de patio).

EN ED. PRIMARIA:

Cada curso terá dous tramos de Recreo.

Un na aula (lectura, merenda, debuxo...)

E outro no Exterior

Os cursos sairán ao Patio por quendas (Quenda A E Quenda B) e ocuparán os espazos designado para eles POR CURSOS.

Os Mestres/as que esten no Patio ocuparán a súa zona correspondente e faranse cargo de dita zona durante todo o Recreo. Vixiarán en darán permiso para que os nenos/as acudan aos Servicios (de 1 en 1).

Os Servicios disponibles serán:

- 1.- Os do exterior do Colexio (Ed. Infantil e 1º Ed. Primaria).
- 2.- Os do interior do Pavillón (de 2º a 6º de Ed Primaria).

Ao remate do Recreo, os Mestres irán mandando pasar ás filas correspondentes EN ORDE E DE UNHA EN UNHA.

Os titores ou especialistas que teñan clase con cada un dos cursos agardarán por eles na zona de filas e subirán inmediatamente coa clase correspondente en orde.

EN ED. INFANTIL:

Estarán delimitadas tres zonas no patio de recreo e sairán ao Patio por cursos en 3 quendas (A, B e C).

A do patio farase por orde de saída e sen facer filas.



MADRUGADORES E SERVIZO DE COMEDOR

En canto a **Madrugadores** estamos á espera de recibir novas sobre o funcionamento deste ano. (se comunicarán cando as recibamos).

En todo caso sería con usuarios únicamente do noso Colexio e respectando a separación dos grupos de clase.

O **Servizo de Comedor** estará dividido en dúas quendas para respectar as normas de seguridade.

- Ed. Infantil e 1º-2º de Primaria.
- 4º,5º,e 6º de Ed. Primaria.


Os nenos e nenas accederán ao servizo de comedor como sempre directamente dende o Colexio acompañados/as polas coidadoras.

O Horario de Saída do Comedor este curso será o seguinte:

| SAÍDAS | PORTA 1 | PORTA 2 |
|---------|-----------|----------|
| 15,35 H | 3 ANOS A | 1ºA- 1ºB |
| 15,40 H | 3ANOS B | 2ºA- 2ºB |
| 15,45H | 4 ANOS A | 3ºA- 3ºB |
| 15,50H | 4 ANOS A | 4ºA- 4ºB |
| 15,55H | 5 ANOS A | 5ºA- 5ºB |
| 16,00H | 5º ANOS B | 6ºA- 6ºB |

C.E.I.P. JULIO GURRIARÁN

ENTRADAS E SAÍDAS



ENTRADAS E SAÍDAS

10 DE SETEMBRO

ENTRADAS

| <u>HORA</u> | <u>ED. INFANTIL</u> | <u>ED. PRIMARIA</u> |
|-------------|----------------------|---------------------|
| 09:05 | | 1º PRIMARIA A/B |
| 09:10h. | | 2º PRIMARIA A/B |
| 09:15h. | 4 ANOS A | 3º PRIMARIA A/B |
| 09:20h. | 4 ANOS B | |
| 10:00h. | 3 ANOS A (1º TURNO). | |
| 10:05h. | 3 ANOS B (1º TURNO). | |
| 12:00h. | 3 ANOS A (2º TURNO). | |
| 12:05h. | 3 ANOS B (2º TURNO). | |

SAÍDAS

| | | |
|---------|----------------------|-----------------|
| 11:00h. | 3 ANOS A (1º TURNO). | |
| 11:05h. | 3 ANOS B (1º TURNO). | |
| 12:00h. | 3 ANOS A (2º TURNO). | |
| 12:05h. | 3 ANOS B (2º TURNO) | |
| 14:05h. | | 1º PRIMARIA A/B |
| 14:10h. | | 2º PRIMARIA A/B |
| 14:15h. | 4 ANOS A | 3º PRIMARIA A/B |
| 14:20h. | 4 ANOS B | |

ENTRADAS E SAÍDAS

| <u>HORA</u> | <u>ED. INFANTIL</u> | <u>ED. PRIMARIA</u> |
|--------------------|----------------------------|----------------------------|
| 09:05h. | 3 ANOS A | 1º PRIMARIA A/B |
| 09:10h. | 3 ANOS B | 2º PRIMARIA A/B |
| 09:15h. | 4 ANOS A | 3º PRIMARIA A/B |
| 09:20h. | 4 ANOS B | 4º PRIMARIA A/B |
| 09:25h. | 5 ANOS A | 5º PRIMARIA A/B |
| 09:30h. | 5 ANOS B | 6º PRIMARIA A/B |

| | | |
|---------|----------|-----------------|
| 14:05h. | 5 ANOS A | 1º PRIMARIA A/B |
| 14:10h. | 5 ANOS B | 2º PRIMARIA A/B |
| 14:15h. | 4 ANOS A | 3º PRIMARIA A/B |
| 14:20h. | 4 ANOS B | 4º PRIMARIA A/B |
| 14:25h. | 3 ANOS A | 5º PRIMARIA A/B |
| 14:30h. | 3 ANOS B | 6º PRIMARIA A/B |